

Sobre a folga do 29 de marzo

O silencio dos cordeiros

«Pensar algo na contra do que normalmente se pensa, é a única forma de poder pensar algo»

Antonio Machado

Todos fomos chamados o pasado 29 de marzo, mas poucos serán os elixidos... para negociar o día 30.

O falaba con distintos asistentes ás diferentes convocatórias das manis. «Se houberse a máis mínima intención de parar a reforma e os recortes, do final destas manis tería que ter saído convocado un novo paro». Non falei con ninguén a quen isto non lle parece evidente. Afiliados a UXT, CIG, CCOO...

Non é que na base non haxa ningunha capacidade para se decatar de nada. Porque sí que a hai. É simple domesticación social.

Son moitos os anos que nos levan dicindo o que hai que fazer e cómo hai que facelo. Tantos como anos nos que levamos facendolles caso. É un suicidio?. Sí, pero é cómodo.

Ninguén se afilia aos grandes para complicarse a vida. Un sindicato ten que dar servizo.



«A min non me da ninguña vergoña ser dun sindicato de catro gatos. A min daríame vergoña ser 60.000 e non poder parar a reforma», espetei eu. Todos de acordo. Ningún problema.

Ningunha fractura. Aos afiliados ás organizacións de 60.000 non lles dá ningunha vergoña non poder parar a reforma. Dalles máis vergoña ser catro gatos. Así é como están as cousas. E así van a seguir.

«É que vós sodes uns radicais», dixeron. «Si es capaz de explicar unha soa razón da nosa radicalidade, aceptoche o cumprimento», respotei. Falar por falar. Nunca comunicarse.

Desprezando a intelixencia. Enterrar a dignidade. Día a día. É un traballo longo e constante. Non hai nen haberá

mobilización que poda rachalo nun día.

O silencio na rúa ao día seguinte foi terríbel. Consecuente co silencio do resto dos días do ano. Como se o mundo non tivera nada que ver con un.

Non sou moi optimista.

AN

Despois da Folga:



Volta á Normalidade

Menos para máis: o ensino para o PP


Ven sendo habitual no relevo bipartidista do parlamentarismo español: cada nova entrada no goberno do estado supón unha revisión do sistema educativo do mandato precedente. Coa volta da dereita máis reaccionaria ao poder, o ministro de cultura e educación, José Ignacio Wert, xa anunciou unha revisión da LOE tomando como bandeira a substitución da materia de Educación para a Cidadanía. Pero a promesa dunha nova lexislación para o ensino vai máis alá e toma coma ensaio xeral a propia comunidade de Madrid onde a oferta do ensino privado concertado é practicamente a mesma que a da pública.

A extensión dos concertos educativos, o incremento dos recursos para o ensino privado relixioso; a anulación da xestión en común dos centros; a segregación do alumnado e a creación de «centros de excelencia» e a instauración de itinerarios educativos que responden á proposta de reducir un ano de formación básica, coa supresión de unidades e profesorado no sistema público e a configuración de novas unidades no sistema privado concertado, son os argumentos de fondo que a CNT cree que agocha a nova proposta educativa do PP. Así que, máis unha vez, os principios ideolóxicos – neste caso reaccionarios e clasistas, co

PP- están por riba das propios necesidades do sistema educativo do estado español que xa presenta o índice de abandono escolar máis alto de Europa con Portugal e Malta: máis do 30%.

Co anuncio dos novos orzamentos para o ano 2012, aplaudidos pero non suficientes polos depredadores neoliberais- chega tamén outro dato para refrendar a importancia que o PP lle outorga ao ensino. 620 millóns menos para este exercicio que afectan, sobre todo, as medidas máis sociais: eliminación do programa de novas tecnoloxías, redución de becas,

Segue na páxina 2



Orde de desaloxo

E aquí estamos, gobernados por un ministro de Economía que foi o xefe de Lehman Brothers en Europa (unha das empresas responsábeis da crise). E mentres a nós chóvennos ordes de desaloxo que nos quitan a casa e nos deixan con débedas para o resto da nosa existencia, e mentres o goberno recorta todo excepto as axudas aos bancos e aos empresarios que crearon a crise, aquí estamos os traballadores, fodidos sen traballo ou con traballos cada vez máis precarios, cun xefe subido porque saben que, agora si, poden botar á rúa a calquera que proteste ou reivindique. Diríase que é unha mala época para ser un traballador concienciado. Pois non é así, agora é cando os traballadores nos dan a razón de todo o que dicíamos estes anos: viches onde nos levou o sindicalismo domesticado de CCOO, UXT, etc? e os bancos, unha manga de ladróns?, e os políticos, a familia real, e toda esa panda?. Xa non somos os típicos radicais pasados de rosca; agora

todos teñen gana de queimar, saír á rúa, reventar bancos, agora todos critican a Urdangarín e a toda a familia real. Agora que os empresarios, políticos, realza e banqueiros quitaron a súa careta de beneficiarios da sociedade e fomentadores de riqueza e todos os traballadores os ven como o que de verdade son, os da CNT xa non nos temos que explicar tanto. Agora que os traballadores e traballadoras (e pendionistas!) que votaron ao PP nas últimas eleccións xa viron que todo o que prometían era mentira, o noso traballo é máis doado. Agora que xa nen o goberno cre que os recortes son a antesala dunha rápida recuperación económica, é o momento de que os traballadores e traballadoras que non están na CNT descubran a necesidade da unión, da solidariedade, da defensa común fronte aos ataques, é a hora de que sexamos nós quen lles entreguemos aos ricos e poderosos a orde de desaloxo.

nn

Solidariedade Obreira

Solidariedade Obreira é unha publicación periódica editada pola Confederación Nacional do Traballo da Galiza.
Dep. Legal: C-984-2006
Compostela / A Coruña, Maio 2012
Imprime: Tórculo Artes Gráficas

Enderezos da CNT na Galiza

Comité da Rexional Galáica

cr@cntgaliza.org www.cntgaliza.org

Blog hostelería e comercio: <http://cnthosteleria.blogspot.com/>

Blog Sección TVE Galicia: <http://cntrtevegalia.blogspot.com/>

A Coruña

Rúa Washington, 36, baixo 15002 A CORUÑA

Tel/Fax: 981 90 40 44 corunha@cntgaliza.org

Correspondencia: Apdo 928 15080 A CORUÑA

Compostela

R/ García Prieto, 24-28 15706 COMPOSTELA (A CORUÑA)

Tel: 981 590 910 Fax: 981 534 256 compostela@cntgaliza.org

Correspondencia: Apdo 590 15780 COMPOSTELA (A COR.)

Vigo

R/ Príncipe, 22, 1º Local 34 36202 VIGO (PONTEVEDRA)

Tel. e Fax: 886 116 558 sov@vigo.cnt-ait.es

Lugo

R/ Ramiro Rueda, 15, Entrechán Dta. 27002 LUGO

Tel: 650 269 807 lugo@cntgaliza.org

Blog: <http://cntlugo.blogspot.com/>

Pontevedra

R/ Pasantería, 1 (Edif. dos Sindicatos), 3º andar 36002 PONTEVEDRA

Tel: 607 511 678 pontevedra@cntgaliza.org

Blog Sección sindical Universidade de Vigo, Campus de Pontevedra:

<http://cntunivigo.blogspot.com/>

Betanzos

Rúa San Francisco 40-1º 15300 BETANZOS

Apdo 95 15300 BETANZOS (A CORUÑA)

betanzos@cntgaliza.org Blog: <http://cntbetanzos.blogspot.com/>

Ferrol

Avenida de Esteiro, 10, baixo 15401

FERROL

Correspondencia: Apdo 147 15401

FERROL (A CORUÑA)

ferrol@cntgaliza.org

Novo Local da CNT:

Allariz

Camiño do Castelo, 10, (tras de Santo Estevo) ALLARIZ (OURENSE)

Tel: 615 395 871



Menos para máis: o ensino para o PP

Vén da páxina 1

liquidación do programa de extensión das garderías, recortes nos programas de redución do abandono escolar, amortización da financiación universitaria... a liña é a mesma que as súas propostas educativas: homoxeneización, segregación e fomento de privilexios aos que menos o necesitan. Se ben é certo que as competencias educativas son de carácter autonómico, os recursos para o ensino en Galicia reducíronse en case 170 millóns de euros dende o pasado 2010 ao que hai que engadirlle a tixeira que impón o propio ministerio desde Madrid. Impónse a desigualdade ao acceso da educación, a anulación da conciliación laboral e o establecemento dos principios

máis reaccionarios e clasistas que non esquecen argumentos confesionais para lembrar, como fixo o propio ministro de xustiza, Alberto R. Gallardón, que «El crucifijo en un centro público es un símbolo de paz».

As medidas en materia educativa do PP pechan outro ciclo dentro da vida orgánica da política do noso país. Novo goberno, máis cambios en ensino. Os reservas da moral «nacional» están xa de servizo. É hora de que a CNT responde contudentemente na defensa do ensino público en galego, do ensino público de calidade, do ensino público sen relixión, nen relixiosos.

Sección de Ensino. CNT-Compostela



Como fixeron os suecos?

Estamos nunha situación social mala e parece que vai a peor. É necesario diminuír a desigualdade, que todos sexamos igual de «pobres» ou parecido. Non se me ocorre nada para facelo que non sexa baixar o sacrosanto PIB de forma radical.

O PIB por ser humano actual no Estado español é de máis de 31.000 euros. Isto é: unha familia de 2 adultos e 2 nenos, supostamente, debería gañar de media uns 144.000 euros por ano. Todo o que estas familias non gañan acaba nas mans duns poucos que controlan o capital e o Estado.

De forma resumida, a idea é diminuír os beneficios deses poucos para obrigar a un cambio de rumbo. Para iso fai falta destruír capital. Soa raro... pero funciona. Para mostra un botón.

Todo o mundo parece adorar o estado do benestar sueco. A verdade é que eu sempre pensei que os suecos chegaran a esa situación... ben... por ser suecos (razoables, tranquilos, serios...). Pois non. Chegaron a esa situación despois de folgas e pechos laborais salvaxes. En 1909 comezou en Suecia unha folga xeral que xunto con pechos patronais estivo a punto de arruinar o país. A situación foi gañada polos empresarios pero ficaron moi preocupados e conscientes do poder dos traballadores e moitas empresas pecharon definitivamente. Os acordos posteriores incorporaron ós traballadores na toma de decisións da empresa e melloraron progresivamente as condicións dos mesmos.

Esa maior conciencia e forza dos traballadores fixo que tamén o goberno do Estado camiñara progresivamente a unha menor desigualdade. Para todos aqueles que teñan fe no actual (ou en calquera outro) goberno, e crean iso de que os «mercados» obríganos a facer as cousas, que non hai saída... etc., van uns cuantos métodos para arranxar moitos problemas «ó xeito sueco».

En 1970, en Suecia, os impostos de sucesión eran de ata un 60% para herdanzas de gran tamaño. Se herdabas un sofá non pagabas

A XENTE ESTÁ FURIOSA CA SITUACIÓN

E ISO QUE NON SABEN CAL É A SITUACIÓN



elroto@inicia.es

impostos. Sobre unha casa pequena podías pagar un 10%. Sobre 20 casas pagabas entre un 48% e un 60%. Os impostos sobre ingresos (incluíndo os beneficios provenientes de accións e demais) eran tamén progresivos e chegaban ata un 59%. O imposto sobre o patrimonio chegaba a un 1.8%. ¿Qué pasaría se aplicásemos os mesmos principios aquí?

Aplicado principios similares á propiedade inmobiliaria, tendo un fogar medio pagarías unha miseria ou nada. Se tes o equivalente a máis de cinco fogares medios poderías pagar o 0.1% do valor por ano. Máis de 50 fogares medios (inmobiliarias e bancos) poderían pagar por exemplo 3% do valor declarado de cada fogar. Máis de 500 fogares un 5%.... O imposto se cobraría exclusivamente en diñeiro e o non pagalo implicaría a cesión das propiedades o Estado. Básicamente o mercado inmobiliario caería sen máis en meses... e os bancos quebrarían pasando a ser públicos.

Aplicando o mesmo principio sobre bonos do tesouro teríamos unha situación curiosa. Os bonos do tesouro darían beneficio (cun imposto sobre grandes cantidades superior o interese actual). Isto é, os intereses pagaríanse sos e sobraría algo. Os mesmos principios pódense aplicar a accións da bolsa, etc.

Con estes exemplos se rebate o lema tantas veces repetido de que os ricos marchan se os impostos soben. Marchar marchan, claro.

Pero quedarían sen propiedades e diñeiro investido en produtos trazabeis (bonos do tesouro, acci-óns...)

O problema de todas estas solucións é que sería o Estado o responsable de tomalas... e está claro que o Estado e os seus colegas nunca farían iso. Quedan entón solucións para facer nós.

A única que funcionou no pasado é a destrución de capital en serio. O xeito sueco, folga xeral indefinida organizada con solidariedade de forma que o sufrimento sexa mínimo, é o máis razoable. A destrución

mediante métodos económicos (retirar o diñeiro propio dos bancos, por exemplo) seguro que axudaría. As medidas de paro de consumo (deixar de usar enerxía eléctrica) estarían ben se non fose por que temos unha dependencia atroz e eles gañan igual (un pouco menos hoxe, un pouco máis mañá)... A perda de prestixio (miralos mal, falar mal deles) tamén pode axudar, pero non decisivamente.

O método máis bruto (danos materiais, sabotaxe) resulta para min o menos aconsellable e máis custoso. Por outra banda o goberno non sei se ten medo del ou quere promovelos. Polo visto traballan nunha lei que sairá en xuño que equipara a «violencia na rúa» (romper papeleiras) co terrorismo e aumenta en grande medida as penas. Claramente é unha manobra fascista para controlar o que o goberno prevé no futuro próximo... pero sendo ben pensado pode ser tamén unha oferta para rebentar antes de xuño (na liña da campaña do PSOE «compra un piso xa que dende o ano seguinte cóbrote máis impostos»). Por suposto, facer dano a seres humanos ou seres vivos en xeral é simplemente inaceptable.

Son consciente de que o obxectivo máis razoable é chegar a unha nova sociedade igualitaria que supere totalmente o capitalismo social sueco. O camiño sen embargo é basicamente o mesmo e a forma de descubrir a forza do pobo é aplicándoo.

Sector de Consultorías

Nova Sección da CNT en Balidea

ACNT ven de constituir unha Sección Sindical na oficina central que a empresa Balidea ten en Salgueiriños.

A Sección nace coa vontade de asentarse na empresa unha alternativa sindical independente e asemblearia aberta a todos os traballadores e traballadoras e de servir de vehículo de denuncia da

precariedade laboral que existe tanto nesta empresa como no sector das Consultorías.

Este é un sector no que a precariedade laboral alcanza cotas elevadísimas. Paradoxalmente é un sector onde máis se practica un dos principios do anarquismo, a autoxestión, debido á NON planificación dos proxectos, a NON

formación nas tecnoloxías, a NON comunicación de información por parte da "autoridade" (por ignorancia, por non saber buscar na wikipedia ou por "como non sabía o que significaba, non lle dá importancia"), ..., os traballadores e traballadoras téñense que "buscar a vida" e así manter co seu traballo a un crecente e incompetente "equipo directivo".

Os titulados de FP non poderán participar

Educación exclúe a Formación Profesional dos concursos

Desde o sindicato C.N.T, Confederación Nacional do Traballo, queremos trasladar a crecente preocupación que nos produce o cambio de política que desde a Consellería de Educación se está a facer no referente as condicións nos pregos dos concursos de proxectos informáticos nos que **se fixa como condición necesaria titulación universitaria para cubrir perfís de programador e analista programador**, onde se pode ler literalmente «O 100% dos recursos totais ofertados disporán de titulación universitaria.».

A categoría de programador é a inferior no sector das tecnoloxías da información polo que os técnicos medios e superiores **quedarían excluídos totalmente do mercado laboral xerado polo sector público se as disposicións da Consellería de Educación se estenderan a toda a administración.**

Consideramos que este xiro na política de subcontratación é inxusta e excluínte, máis si cabe, cando desde a **Consellería de Educación se fai un investimento millonario na Formación Profesional,**

se promociona como unha importante saída profesional cando pola contra o que se está a facer é excluír aos técnicos e técnicos superiores do mercado laboral.

A propia Consellería exclúe dos proxectos que licita aos técnicos que forma para eses perfís. E o máis increíble é que os responsables directos dos concursos son profesores de informática da Formación Profesional, que parece que non queren que os seus alumnos traballen.

Este cambio de política está causando unha **grave situación entre os profesionais do sector con despedimentos nas empresas do sector TIC de técnicos e técnicos superiores** que a pesar de posuír ampla experiencia se ven excluídos dos concursos por falta de titulación universitaria.

Para máis información pode consultar as disposicións técnicas dos concursos :

<http://www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=16479>
<http://www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=16477>



elroto@inicia.es

Somos fascistas cos nenos?

Un parque calquera, unha cidade calquera. Un neno cae no chan. Ten pequenas feridas.

Un adulto acercese e bérralle ao neno: «Non pasou nada. Non chores. No te doeu».

O adulto (pai, nai...) é a referencia do neno, o que lle explica o mundo e do que depende para sobrevivir. Ese ser todopoderoso estalle dicindo: (i) que o que pasou non foi nada (ii) que non debe chorar, debe reprimir os seus sentimentos (iii) e moitísimo máis grave... que esa dor que o neno está a sentir non é real, que o neno percibe incorrectamente algo tan básico coma a dor. Non hai nada tan fascista e sucio que impoñer a alguén (que queres, por enriba) o que debe sentir ou non sentir. Outro exemplo do mesmo principio se pode aplicar

a comentarios como «come iso que che vai gustar moito» (nós sabemos mellor ca ti o que che gusta). Esta forma de actuar pode ser boa para dar lugar a seres humanos inseguros e fáciles de convencer de calquera cousa.

Podemos imaxinar as mesma pasaxe, sendo un adulto o que cae ou esta diante do prato. Probablemente o que lle dirían e algo así como: «¿Estás ben?» ou no outro exemplo «¿Queres comer iso? A min gústame».

Noutro parque, unha nena trata de quitar un xoguete a outra. A outra grita «meu!!». O pai (con aspecto de ter diñeiro) dille: «Déixalle o xoguete a esta nena. Hai que compartir!». Moitas veces ante esta escena tiven unhas gañas loucas de pedirlle o pai que me deixase o seu móbil novo (só

para xogar unha partida) ou as chaves do seu coche para acender a radio... Estou seguro de que o home perdería o ansia de compartir.

En xeral estas formas de expresión repítense por costume e coa mellor das intencións. Eu considero que é moi importante coidar as mensaxes que damos aos nenos de calquera idade, practicando unha comunicación consciente e baseada no respecto mutuo. Basicamente pensando que significa o que dicimos e se diríamos algo parecido a un adulto. Só unha advertencia: Pensar con calma o que se lle di a un neno (o que lle dis ti e o que din os outros) é pesado durante un tempo e tende a xerar moitos roces cos outros adultos.

Os mercados do vil metal e os seus kapos con k

Política ficción dura e regresiva que lle da as costas os cidadáns de a pe, en clara confabulación cos mercados para manterse roubando e sisando día e noite nesta economía global aos pobres. Servindo directamente ós ricos unha espiral de frenesí que solo pode acabar como nas mellores ocasións que nos ten brindado anteriormente na historia, dun bo sope-tón. É o que merece esta tiranía avara de querer acaparar sempre máis, que hasta hai pouco cando había riqueza según

eles, quedaban con todo para eles e agora miran para nós sen ánimo de arrepentirse e continúan a seguir co seu propio lucro e quitannolo de diante dos nosos fociños tan alegremente e en connivencia coa clase política que nos atenaza e minte descaradamente mandándonos e insultando a nosa intelixencia, con o ben que o fan, e en épocas electorais nos tentan lavar sempre os malos recordos das súas actuacións e transformar a realidade con promesas destes vi-

vidores que minten máis que falan.

Isto sucede por non creer que outra realidade é posible. E soluciónase non prestando atención e apoio ás lisonxas e reales decretos caciquís dos que nos gobernan que están ideoloxicamente actuando sen contar coa clase obreira con outra cousa que non sexa exprimir e explotar as nosas vidas. Convén actuar desde abaixo como a CNT ten tentado de facer no seu pasado máis glorioso.

A Familia Real e os seus problemas

Coidado cas carteiras

A crise tamén chega ao noso monarca e ás partidas adicadas á familia, sexan descendentes ou irmáns, pero excluíndo aos medios irmáns, tíos e fillos ilexítimos de Alfonso XIII, como o falecido Alfonso de Bourbon en EEUU o 13-1-2012. Deberá ser por iso que gran parte das contas son opacas para abarcar máis familiares repudiados e contar co seu silencio, hai que aparentar unha moralidade católica férrea e manter apariencias, a parte de gastarse en vicios outro tanto. A parte do que cobra do erario público, os negocios son

fructíferos como empresario, non se sabe moi ben como pero é unha das fortunas máis importantes deste país e merecedora por suposto de saír na revista Forbes, anque os últimos escándalos e o gardar apariencias fixéronse eco na tal revista para non saír tralo escándalo Palma Arena con Urdangarín e a súa (e de Cristina) ONG sen ánimo de lucro de por medio.

Así que coidado coas carteiras aínda que se acheguen persoas sen ánimo de lucro e que teñen a vida resolta de por vida.

Transtornos mentais e control social

Axentes de cambio

A variedade de transtornos mentais asociados a deficiencias na socialización e aillamento é para dar e tomar. Sobra terminoloxía científica, sobre todo das teorías máis bioloxistas, para definir esta determinada situación. A nai ciencia non parece contempla-lo capitalismo como motor, causa e alimento para toda clase de diagnósticos relacionados coa psique e a exclusión social.

A sociedade capitalista, na que toda mente humana se mergulla a diario, inexorablemente, está condenada a ser analizada dende o mesmo punto de vista. Non por casualidade, senón porque este mundo asimila con gusto tragaínas, traga-zin, traga-merdas de cores e para tódolos gustos e manias varias. As farmacéuticas reparten e o figado absorbe.

As diagnoses están pensadas para anular ao individuo e á súa capacidade para pensar. E tamén as análises de conductas sociais actuais. Términos como a inadap-tación ou a exclusión social explican moi ben como os individuos xa non forman parte dun entramado social comunitario. Pero nun estado de benestar onde non hai lugar para a comunidade, hai lugar para os axentes de cambio: psiquiatras, psicólogos, educadores, pedagogos, psicopedagogos, animadores socioculturais... Téc-

nicos de todo tipo, e moitas variedades máis de pílulas sociais pensadas para aumenta-la soberbia de algúns e a incapacidade de outros para pensar. A administración, xunto co ministerio de educación, crea cada vez máis categorías deste tipo. E todos contentos porque así hai máis emprego (se aínda fora así!).

Por que ia o mesmo goberno que exclúe ter intención mínima de facer que esta situación acabe? E por que un individuo nesta situación ia querer re-integrarse na sociedade que o excluíu?

As universidades nos explican moi ben como una sociedade de benestar é fundamental para conseguí-la paz social e a igualdade entre os individuos. Mais, por que se fala de paz social cando o mundo no que habitamos está en conflito permanente?. Por que a educación lle fala a estes futuros técnicos de asimilación ou de ponher tiritas ou parches? Se uns individuos necesitan anos de preparación universitaria, teses doctorais e caralladas varias para participar e promove-lo cambio social, para que estamos os demáis no mundo? A profesionalización do que antes era una estrutura social viva, non é máis que una ferramenta capitalista máis para seguir destruindo a capacidade de pensar das persoas.

Sobre os cárceres

Saber que os centros penitenciarios (centros de exterminio) non cumpren os propósitos que difunden os propagandistas do sistema (educación, reinserción na sociedade, etc, etc) é algo que non nos debería sorprender. E de igual maneira non nos debería sorprender que a xustiza que imparte o poder xudicial do Estado non é a mesma para ricos e para pobres. Os pobres, os ninguén, son as verdadeiras vítimas dos cárceres, xa que foron feitos exclusivamente para eles. Son vítimas dun sistema clasista disfrazado de xustiza, un sistema que os encarcera para o falso benestar da sociedade, privándoos de todos os seus dereitos.

Os centros penitenciarios son un instrumento de aleccionamento e control social e son usados para intimidar e controlar o

individuo. Desta maneira nunca sairá do rabaño por medo, e sempre o seu comportamento será conforme as pautas que lle marcan os oligarcas e o despotismo estatal. O preso sufrirá un medo continuo entre os muros da prisión, uns muros que farán todo o posible para despoalo da súa dignidade, sufrindo toda clase de vexacións e torturas tanto físicas como psicolóxicas, reducindo así ao preso en nada.

Por estas e outras razóns os e as anarquistas estamos en contra dos cárceres e cremos que toda actitude revolucionaria debe ir encamiñada a destruír os muros que privan da liberdade ao individuo, xa que quen sustenta os cárceres son os intereses da burguesía e nunca os do proletariado.

Loureda Libertaria

A represión salpica cartos

A palabra represión salpica sangue.

Pero xa non é así: agora que o mercado o domina todo, mesmo as emocións: «O mercado está confuso», «O mercado está preocupado», «O mercado está insatisfeito» «O mercado está eufórico»... a represión salpica cartos.

A unha nova sociedade, individualizada, atomizada, sentada ante un sofá, corresponde un novo tipo de represión: individualizada, atomizada e que recolle donativos para o Estado.

Nos últimos tempos, se un vai a unha manifestación, concentración, ou calquera outro acto de protesta, é posíbel que atope alí policía-cidadáns coma ti que, con total corrección, che pidan a documentación. E xa está. Todo moi democrático, correcto, humano e mesmo cortés. Pero é fácil que, tras unhas semanas ou uns meses, nos chegue unha carta certificada (coa ilusión que facían as cartas!) que diga que che caeu unha sanción administrativa porque ti estabas alí, porque pensabas o que pensabas e, ademais, querías dicilo xunto con outros. Pero non podías. Non era o momento; ou non che deran permiso; ou a policía denunciou que había moitísimo griterío e disturbios e, se cadra, había meniños que que-

rían durmir; ou berráronse cousas que ofenderon a outros cidadáns.

Dá igual o que digas: que era a unha do mediodía e os meniños xa tiñan que estar despertos; que disturbios non houbo ningún, que para evitalos estaba a policía rodeándote en proporción de dous por un (como nas ofertas dos hipermercados); que a liberdade de expresión non necesita permiso para ser exercida; que hai xente á que lle ofende o mero feito de que ti existas, ... Dá igual o que digas e a razón que teñas, non hai defensa posible, só un recurso tras outro que empeza e acaba coa única verdade inquestionable: ti tes que pagar.

E entón descubres que o único sitio en que realmente se pode exercer a liberdade de expresión é no teu sofá: «Cagiensuputamadre», «Conaqueosbotou», «Cagiensandiós», «Así os cocesen ao bañomaría». E aí che teñen xa onde te queren ver, no sofá, tomando palomitas e ansiolíticos. E calando, por moito que berres.

Unha nova represión: limpa, silenciosa, individual, eficaz e lucrativa.

E se non escarmentas... o sangue tamén lles vale.

Isto non é unha crise, cariño

Se tivesemos que dar o premio a faixa máis creativa das mobilizacións do 29M, este tería que ser para os nosos compañeiros/as da CNT de Gipuzkoa. Sentido de Humor cargado dunha mensaxe clara.



Esto no es una crisis, cariño: es que ya no te quiero

O conflito do profesor expulsado das listas de substitut@s e interin@s por exixir o uso do galego nas aulas

Fin do «caso Brais»

O profesor substituto Brais foi sancionado no ano 2008 por falta de respecto aos/as compañeiros/as e superiores no IES Manuel Murguía. O motivo de fondo foi exixir o uso do galego nas aulas segundo a normativa vixente naquel momento.

Tras ser sancionado a 15 días de suspensión de emprego e soldo, foille aplicada unha «norma» paccionada con CCOO, CSIF e ANPE, pola que se expulsa das listas aos/as interinos/as e substitutos/as sancionados/as con suspensión de emprego e soldo, norma que non é

publicada ata o ano 2010.

Dito de outro modo, a Brais se lle aplica un acordo con sindicatos minoritarios na mesa sectorial de educación non publicado, que transforma unha sanción de 15 días e unha sanción de por vida.

Tras un longo percorrido por sucesivos tribunais, o Tribunal Constitucional inadmitiu o recurso de amparo presentado.

CNT Ensino-Compostela

Sección Sindical de RTVE

Non conduzas

Esta campaña afecta só as/os traballadoras/es do Centro Territorial, xa que como ben sabedes nas UU.II., debido o novo Convenio Colectivo que xa está vixente, existe un complemento de Unidades Informativas que, para quen o teña, implica (aparte de outras cousas) conducir.

Iso si, nunca será obrigatrio o uso do coche propio.

Dende a CNT non estamos dispostas/os a tragar con todo.

(Campaña comezada en xaneiro 2012)

Traballador/a
Dende a sección sindical da CNT en RTVE Galicia dicímosche que:

NON CONDUZAS

- Por **Seguridade**, consúltallo a túa compañía de seguros.
- Por **Compañeirismo**, as túas decisións poden afectar ós demais.
- Por **Dignidade**, que che pedirán despois?.
- Porque **non che van pagar nada**, fai contas e verás que non compensa o pago dos kms.
- Porque **non che poden obrigar**, se queren que coduzamos terán que levalo á negociación colectiva.

CNT AIT rtve

Para cando as procesións ateas?

I+D+I na Semana Santa

Hai que levantar o país, pero o das procesións con tanto sufrimento... que hai que ver que non se avanzou nada. Non se adapta a entrada e saída dalgunha igrexa e teñen que empezar xa de rodillas a procesión para poder saír sen tropezar. Eses fungueiros de prata para que non lle dea o sol con esas teas bordadas en ouro e as xoias e demais atrezos como flores, velas, incienso... que portan a talla de madeira maciza enriba dun altar ben grande. Todo elo moi ben preparado pero que non se molle o material, e non me refiro ás espaldas portadoras para que non lle den reuma, senon por mágoa aos «enseñeres» tan voluptuosos considerados únicos e irremprazables.

Deberían de incorporar a roda e acceso a minusválidos, sobre todo se dios non di nada ou se o di tamén vale, nun referéndum no que o que cala otorga. Tamén debería observarse en países máis recentes sen tradición tan longa, no que

fan acopio de vehículos motorizados como son os Estados Unidos, nos que nalgunhas celebracións festivas incluso fan uso de imaxes hinchables de helio.

Tamén o cristo legionario que é portado por militares armados con metraladoras, pistolas e machetes (pero sen esposas, que na guerra non se fan reféns), poderían facerse un pouco máis laicos e ser portados por un clube legionario pro cristiano, pero xa se sabe de antes o de ou todos moros ou cristiáns. Amén de estar prohibido o asociacionismo.

Grande culpa desto pódea ter tranquilamente Esperanza Aguirre por non permitir en semana santa as procesións ateas, que tan grácilmente son portadas polos seus participantes, sendo este e non outro talvez a súa causa da prohibición por envexa axena por facelo máis liviano, un sufrimento típico da relixión.

Unha lección breve

Para a próxima folga dun día

Compañeiros... Camaradas!! I mos faser a Folga Xeral... Sabedes o quisto significa...?

Pois si, señor. A folga xeral significa o enfrontamento máis serio e contundente que as clases traballadoras poden opoñer aos intereses da patronal

só dúas nos últimos cincuenta anos... A de 1934 en San Francisco e a de 1946 en Rochester, New York...

no transcurso da historia, e en todo o mundo, só houbo catorce folgas xerais...

Organizar unha folga xeral é algo moi duro e moi difícil: pero se se consegue, non hai forsa capas a resistir a ela...

... Fai caer gobernos, obriga a pactar á patronal e permite aos obreiros grandes avances nas súas reivindicacións...

Consciente diso, a clase capitalista, aterrorizada ante a súa soa mención, non dubida en faser todo o posible para sabotear, boicotear e reprimir a súa realización, non vasilando en empregar, para conseguilo, toda a forsa e os medios ao seu alcance...

Si? Si, señor...

Otia

oes... Onde carallo foi tan rápido o camarada secretario xeral...? Igual tomar algo pró susto... pra min qu'este non volve... Xa podía ser, xa...